

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2011

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Rosa María del Carmen Mariño López

D. Gabriel González Arias

D^a. María Luisa Vázquez Vázquez

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:05 horas do día vinte e oito de abril de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez. Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/03/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/03/2011.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PERIODO 2009-2011.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Fomento, Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada n^o. 437 con data 05/04/2011 no que se comunica a resolución de aprobación da xustificación da financiamento do Servizo de Normalización Lingüística, período 2009-2011 por importe de 12.000 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO - APRENDER XOGANDO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada n.º 513 con data 27/04/2011 no que se comunica a resolución de aprobación da xustificación do programa Aprender xogando, da convocatoria para Desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero por importe de 7.994,04 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DE APORTE PROVINCIAL APRA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DA MINIRESIDENCIA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Secretaría, Servizo de Patrimonio e Contratación, rexistro de entrada n.º 428 con data 04/04/2011 no que se comunica a achega provincial para Equipamento da miniresidencia de 125.000euros coa aprobación do 1º prazo (60%) que ascende a cantidade de 72.935,93euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO QUE ACHEGA SENTENZA DO RECURSO P.O. 165/2010 CONTRA ENEL UNIÓN FENOSA RENOVABLES S.A..

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Asesoría Xurídica, rexistro de entrada n.º 435 con data 05/04/2011 no que se achega sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, de desestimación do recurso P.O. 165/2010 contencioso administrativo interposto por Enel Unión Fenosa Renovable S.A..

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN GALPÓN NO LUGAR DE BARRIO E FORNELOS TRAMITADO POR GERARDO VÁZQUEZ MOTEIRO SEPARACIÓN DA REDE FECAIS E PLUVIAIS NO CAMPO DO ROSARIO E CAMPO DA IGREXA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada n.º 459 con data 08/04/2011 no que se comunica a resolución de arquivo da autorización de obras de construción dun galpón no lugar entre Barrio e Fornelos, Dormeá, tramitado por D. Gerardo Vázquez Mosteiro.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA COMUNICANDO A RESOLUCIÓN DE ARQUIVO DA AUTORIZACIÓN APRA OBRAS DE MELLORA DO CAMIÑO DE AREAS A PARAVICO, PARROQUIA DE ANDABAO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada n.º 458 con data 08/04/2011 no que se comunica a resolución de arquivo da autorización de obras de mellora do camiño de Areas a Paravico, parroquia de Andabao.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DA XUNTA DE GALICIA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria rexistro de entrada n.º 445 con data 06/04/2011 no que se comunica a contía da subvención a corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos

comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-Comercia do proxecto “Mellora de espazo público para mercado tradicional” :

Investimento 2011: 62.745,27 €

Subvención 2011: 47.058,95 €

E o prazo para presentar a documentación xustificativa remata o 20 de novembro de 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DA XUNTA DE GALICIA DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA SOBRE GASTOS DOS XULGADOS DE PAZ.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Delegación Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza rexistro de entrada nº. 510 con data 27/04/2011 no que se comunica a distribución da transferencia do presuposto desa Consellería para satisfacer os gastos de funcionamento dos Xulgados de Paz:

Tramo	Habitantes	Contía Anual /€
3	de 1.000 a 2.999	1.570,34

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DE ADHESIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística rexistro de entrada nº. 487 con data 18/04/2011 no que se comunica a adhesión provisional do Concello á Rede de Dinamización Lingüística.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS DE INFORMACIÓN DE DÉBEDAS QUE SE COMPENSAN.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Tributos rexistro de entrada nº. 486 con data 18/04/2011 no que se comunica a débeda que se compensa de oficio en relación a sanción de sanidade 2009080SAM por importe de 3.005,00€.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL, SERVIZO DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE TRAMITE DE REGULAIZACIÓN DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE REGULARA DE VIAXEIROS POR ESTRADA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo Servizo de Mobilidade rexistro de entrada nº. 484 con data 15/04/2011 no que se comunica posibilidade de examinar a documentación do expediente de regularización da concesión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada da titularidade de Empresa Gómez de Mesía S.L.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. COMUNICANDO O CAMIBO DE N.I.F.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Unión Fenosa Distribución S.A. No que se comunica os novos datos fiscais:

Nome da Sociedade: Unión Fenosa Distribución S.A.

NIF: A-63222533

Domicilio Fiscal: Avenida San Luis, 77 28033 Madrid
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.

3.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 29-04-2011

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D^a. María Jesús Novo Gómez con DNI 44.814.623-C en calidade de membro de grupo Partido Popular, e con domicilio en rúa Vila-nova número 7 do núcleo urbano de Boimorto, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 29/04/2011 de 21.30 a 22.30 h da noite para unha reunión de grupo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Autorizar á D^a. María Jesús Novo Gómez, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 29/04/2011 de 21.30 a 22.30 h da noite.

3.2.- AUTORIZACIÓN DA FESTA DA CAPELA DA ASUNCIÓN NA PARROQUIA DE ÁNXELES

Vista a instancia subscrita por **D. Laura Folgueira García**, veciña de Boimorto, encargada da organización da festa da Capela da Asunción, pretendéndose a súa celebración no lugar da **área recreativa de Corredoiras**, parroquia de **Ánxeles**, deste termo municipal, durante o día **30 de abril de 2011**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 48.1 do citado Regulamento, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita.

A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR AUTORIZADO**, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido o Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do

Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

3.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 40/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 427, con data 04/04/2011, presentada por D. Jose Luis González Pérez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Pazo Guerras, 3 Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Pazo-Guerras parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jose Luis González Pérez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Pazo Guerras parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 41/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 461, con data 11/04/2011, presentada por Dna. Carmen Espiñeira Varela, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casanova, 19 Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Casanova parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna Carmen Espiñeira Varela, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Casanova parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 42/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 490, con data 15/04/2011, presentada por D. Jesús Corral Gómez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Iglesia, 1 Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Iglesia parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jesús Corral Gómez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Iglesia parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 43/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 489, con data 18/04/2011, presentada por D. Jose Luis Lavandeira Ares, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Iglesia, 5 Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Iglesia parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jose Luis Lavandeira Ares, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Iglesia parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.7.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 44/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 479, con data 14/04/2011, presentada por D. Rogelio García Rodríguez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Pazo-Guerras, 4 Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Pazo-Guerras parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Rogelio García Rodríguez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Pazo-Guerras parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.8.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 1/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 495, con data 20/04/2011, presentada por Dña. Cruz Ana Gómez Taboada, con domicilio a efectos de notificación na rúa Ronda de Outeiro, 170 planta 2º esq. A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 14 do lugar de Viladóniga parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomu-

nicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dña. Cruz Ana Gómez Taboada, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 14 do lugar de Viladóniga parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.9.- PETICIÓN DE INFORME E REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA "X VOLTA CICLISTA A GALICIA "

Pola secretaria dáse lectura ao escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co número 512 con data 27/04/2011, no que se solicita informe en relación coa celebración da proba deportiva "X Volta ciclista a Galicia " a cal terá lugar os vindeiros días 27 ao 29 de maio de 2011 e que discurrirá por vías deste Concello o día, o 28 de maio.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

1º.- Informar favorablemente a celebración da proba deportiva "X Volta ciclista a Galicia", a cal terá lugar os vindeiros días 27 a 29 de maio de 2011 e que discurrirá por vías deste Concello o último día, o 28 de abril.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3.10.- LICENZA PARA A PLANTACION DE EUCALIPTOS NAS FINCAS Nº 115, 117 E 44 DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL GAREA SÁNCHEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística tramitada a instancia de D. Manuel Garea Sánchez, en posesion do DNI núm. 32776072-Z e con domicilio para os efectos de notificación en Avda. Mariñas 165 1º, Oleiros, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 493 de data 20/04/2011 para a plantación de eucaliptos nas fincas nº 115, 117 e 44 da concentración parcelaria de Dormeá.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 25/04/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 20 de abril de 2.011, número de rexistro 493, D. Manuel Garea Sánchez, notificou ao concello a plantación de eucaliptos nas fincas nº 115, 117 e 44 da concentración parcelaria de Dormeá.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

As parcelas mencionadas con anterioridade están clasificadas polo PXOM como solo rústico de protección forestal, atopándose as plantación entre os usos permitidos no artigo 76.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m². Na comunicación identificárase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: Manuel Garea Sánchez (parcelas 115 e 117) e Benjamín Garea Monterroso (parcela 44)
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcelas: 44 (9.807 m²), 115 (9.727 m²) e 117 (5.071 m²) da concentración parcelaria de Dormeá.
- A densidade: 2.400 plantas aproximadamente.

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1

	Eucaliptos
Vivendas	50 m
Prados e terreos agrícolas	12 m.
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

Independentemente diso deberase cumprir co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Segundo o artigo 25 prohibense as repoboacións forestais en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados o pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Neste senso, os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
44	Forestal	0,1546
	Terras arables	0,8361
115	Forestal	0,1756
	Terras arables	0,7971
117	Forestal	0,3375
	Pasto arbustivo	0,1696

Á vista dos usos da parcela **tan so poden ser obxecto de plantación os recintos dedicados a uso forestal, manténdose os recintos dedicados a terras arables e pasto arbustivo libre de plantación.**

Polo que respecta as distancias con vivendas ou instalacións preexistentes no caso dos eucaliptos serán de 50 metros.

Igualmente cumpríranse as seguintes condicións:

- As distancias medíranse desde o límite exterior da repoboación, entendendo por tal o pé do exemplar dela máis próximo a propiedade veciña, ata o límite medianoiro coa outra propiedade.
- As persoas titulares dos predios que realizasen repoboacións forestais confinantes con outros predios, respectando as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente, deberán manter limpas de pólas as súas masas arbóreas, sen que se estendan sobre predios confinantes.

A solicitude presentada se axusta ao establecido nos artigos 75 e 41.2 do PXOM, así como na lei 3/2007, si ben, tan so poderán plantarse os recintos dedicados a uso forestal, debendo cumprirse as distancias indicadas. No caso de contradición entre as distancias sinaladas no PXOM e na lei 3/2007, prevalecerán as máis restritivas.

Neste caso, recomendase a solicitude do cambio de uso agrícola a forestal na Consellería do Medio Rural, en cuxo caso, e de ser admitido, podería plantarse a totalidade da parcela.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 25 de abril de 2.011.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a D. Manuel Garea Sánchez para a plantación de eucaliptos nas fincas nº 115, 117 e 44 da concentración parcelaria de Dormeá, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.11.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DON JOSÉ MANUEL SANDÁ REY, EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE GANADERÍA SANTA MARÍA, S.C.

Examinado o expediente promovido por D. José Manuel Sandá Rey, en representación da sociedade Ganadería Santa María, en virtude da instancia número 1594 de data 9 de decembro de 2010, solicitando licenza municipal para a construción dunha balsa de xurro no lugar de Caneiros-Labride, parroquia de Arceo, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 33 do 17/02/2011 e no DOG núm. 59 do 24/03/2011 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 9 de febreiro de 2011 e 27 de abril de 2011 sobre compatibilidade da actividade e sobre incidencia ambiental que se transcriben literalmente a continuación:

<<INFORME SOBRE COMPATIBILIDADE

D. Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, en nome e representación de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, conforme ó disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en cumprimento do solicitado pola alcaldía, previo exame da documentación obrante no expediente para a concesión de licenza, solicitada por **D. Jose Manuel Sandá Rey**, en representación de **Ganadería Santa María S.C.**, para a construción dunha balsa de xurro, no lugar de Caneiros-Ladride, parroquia de Arceo, cunha superficie de 484 m² (22 x 22 m) e unha profundidade de 3 m., a base de manta de geotextil de 3 cm. e láminas de polietileno de 2 mm. Todo o perímetro cerrárase cunha malla metálica cor verde oliva de 2 metros de altura. A capacidade da fosa e de 1.083 m³.

INFORME

1º) Os terreos nos que se pretende instalar a actividade están clasificados polo plan xeral de ordenación municipal de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais, si ben, a balsa de xurro sitúase na zona clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, a 146,5 m. do río, fora da afección de augas, e cumpre coas condicións de edificación establecidas nas citadas normas municipais tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CONDICIÓNS PARTICULARES DE VOLUME	CONDICIÓNS NORMATIVA PXOM E LEI 2/2010	CONDICIÓNS DO PROXECTO
PARCELA MÍNIMA	3.000 m ²	135.700 m ² a totalidade da parcela 59.772,73 m ² a parte clasificada como SRPA
FRONTE MÍNIMO	10 m	> 10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA	60%	0,81 %
ALTURA MÁXIMA	7 m	-
SEPARACIÓN A LINDEROS	5 m	5 m.
RECUAMENTO A EIXE DO VIAL	4 m (vía tipo III)	5 m ao bordo do camiño
EDIFICABILIDADE MÁXIMA	0,4 m ² / m ²	-

2º) O uso previsto está de acordo co destino do terreo, consonte a clasificación urbanística fixada polo plan xeral de ordenación municipal de Boimorto, xa que no seu artigo 75 relativo ao solo rústico de protección agropecuaria permítense as construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería.

Polo anteriormente sinalado **é compatible** a actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais.

Non incumpríndose o ordenamento urbanístico, **PROCEDE**, tramitala licenza conforme o establecido no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, e demais disposicións complementarias, debendo informar o Servizo de Cali-

dade e Avaliación Ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

E para que conste, ós efectos oportunos asino o presente en Boimorto a 9 de febreiro de 2011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A

INFORME SOBRE INCIDENCIA AMBIENTAL

D. Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Colexiado nº 4657, en nome e representación de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, conforme ó disposto no artigo 9.1 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en cumprimento do solicitado pola alcaldía, emítase o seguinte,

INFORME

Visto o expediente que se instrúe a instancia de **D. Jose Manuel Sandá Rey**, en representación de **Ganadería Santa María S.C.**, solicitando licenza municipal para a construción dunha balsa de xurro, no lugar de Caneiros-Ladride, parroquia de Arceo, cunha superficie de 484 m² (22 x 22 m) e unha profundidade de 3 m., a base de manta de geotextil de 3 cm. e láminas de polietileno de 2 mm. Todo o perímetro cerrárase cunha malla metálica cor verde oliva de 2 metros de altura. A capacidade da fosa é de 1.083 m³.

Durante o período de información pública que tivo lugar durante os días 25 de marzo e 16 de abril de 2011 (DOGA nº 59 de 24 de marzo de 2011 e BOP nº 33 de 17 de febreiro do mesmo ano, presentouse unha alegación firmada por 214 veciños, na que se solicita que non se conceda a licenza, xa que sempre van existir verteduras que irían a parar ao río Tambre, existente nas proximidades, no que existe un couto de pesca denominado Ponte Castro.

En contestación á alegación presentada, e polo que respecta as competencias municipais, o PXOM de Boimorto establece unha protección especial no entorno do río Tambre, formada por dúas franxas medidas desde o borde do río. A primeira de elas de 50 metros, clasificada como solo rústico de protección de espazos naturais e a segunda de 100 metros, clasificada como solo rústico de protección de augas. A balsa de xurro sitúase a 146,5 m. do río, nunha zona clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, fora por tanto das dúas zonas cunha protección especial (espazos naturais e augas) e ademais, segundo o proxecto, realizarase a base láminas de polietileno armado unidas por termoselado sobre manta xeotextil o que garante a estanquidade ante filtracións.

Consta no expediente solicitude de autorización a Augas de Galicia de data 21 de setembro de 2010 (nº rexistro saída 2010) si ben aínda non se recibiu contestación.

Polo tanto, **Informase favorablemente** a incidencia ambiental da actividade solicitada.

E para que conste, ós efectos oportunos asino o presente en Boimorto a 27 de abril de 2011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Considerando, que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data

07/02/2011 asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Ángel Delgado Cidl non estando en contradicción co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal de actividade instada por D. José Manuel Sandá Rey en representación da sociedade Ganadería Santa María, en virtude da instancia número 1594 de data 9 de decembro de 2010, solicitando licenza municipal para a construción dunha balsa de xurro no lugar de Caneiros-Labride, parroquia de Arceo, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

3.12.- CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PRA JESÚS MANUEL RÚA QUINTELA)

4/2011. Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 488 en data 18/04/2011 por D. Santiago Rúa Quintela con DNI núm. 78791743E en representación do usuario/minusválido Jesús Manuel Rúa Quintela con grao de minusvalía do 75% , visto informe da Asistente Social de data 28/04/2011, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de aneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. Jesús Manuel Rúa Quintela con DNI núm. 33292752E con grao de minusvalía do 74%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

4.1.- URBANIMO

4.1.1.- RESOLUCIÓN DESESTIMENTO SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA SOLICITADA POR D. MANUEL RUA LOPEZ PARA REPARACIÓN CUBERTA DO TELLADO DO ESTABLO SITO EN ZAÍN (RODIEIROS)

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Rúa López, con DNI núm. 76474695V, e con domicilio para os efectos de notificación no número 14 do lugar de Zaín, pertencente á parroquia de Rodieiros, termo municipal de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1252 de data 17/09/2010 para reparación de cuberta do tellado do establo en Zaín (solo de núcleo rural).

Visto o informe dos servizos municipais asinado por D^a. Marta Correa Bescansa emitido con data 28/09/2010 onde cualifica a obra como maior no que consta que deberá presentar proxecto

técnico redactado por técnico competente e visado polo colexio oficial profesional correspondente, xustificando o alcance das obras.

Con data 30/09/2010 remitiuselle requerimento de documentación para dita obra. Transcorrido o prazo outorgado para o efecto, de conformidade co disposto no art. 71 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non se procedeu polo interesado á presentación da dita documentación, polo que procede a terlle desistido da súa petición de acordo co disposto no artigo 42 da referida Lei.

Con data 23/10/2010 os servizos técnicos municipais emiten informe derivado da denuncia presentada por D. José Sánchez Vázquez en relación coas obras de D. Manuel Rúa López no que se sinala que o Concello de Boimorto ten delegadas as competencias relativas ao restablecemento da legalidade urbanística na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, segundo Convenio de adhesión asinado o 10 de marzo de 2009 e deberá poñer o asunto no seu coñecemento.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar desistido a D. Manuel Rúa López da concreta solicitude de obra de reparación cuberta do tellado do establo, no lugar de Zaín, parroquia de Rodieiros, no concello de Boimorto.

SEGUNDO.- A vista do informe emitido con data 23/11/2010 pola arquitecta D^a. Marta Correa Bescansa, remitir á Axencia de protección da legalidade urbanística copia cotexada do expediente completo poñendo así o asunto no seu coñecemento para que adopte as medidas oportunas.

4.1.2.- LICENZA DE APERTURA CENTRO DE DÍA E CENTRO OCUPACIONAL DE DISCAPACITADOS DA ASOCIACION AMARAI

Visto o escrito número 377 de data 23/03/2011 no que por D^a. Concha Fernández Segade, en representación da Asociación Amarai solicítase visita de comprobación ás instalacións do centro de día e centro ocupacional para persoas con discapacidade para que se conceda a licenza de apertura.

Realizada a visita de comprobación polos servizos técnicos municipais o día 4/04/2011 fanse unhas observacións que se enmenda coa documentación aportada con data 27/04/2011 con número de rexistro de entrada 518

Visto informe técnico de 28/04/2011 de D. Ángel Delgado Cid.

Visto informe de secretaría de 28/04/2011 e as consideracións xurídicas en relación ao cumprimento do número de prazas de aparcamento na propia parcela compensando con futuras aparcamentos en parcela municipal colindante.

A Xunta de Goberno Local, considerando que este Concello pretende urbanizar con aparcamentos a zona da Telleira Albergue de peregrinos que darían servizo tamén ao referido centro, tendo en conta a titularidade municipal da parcela no que se sitúa o centro asistencial, solicionándose así o tema das prazas de aparcamento, por unimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación Amarai representada por D^a. Concha Fernández Segade licenza de apertura do establecemento Centro de día e Centro ocupacional para discapacitados, sita no lugar de Cernadela parroquia de Boimil.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada, previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 689,73 M2

Tipo = 1 €/m2

Cuota a ingresar: 689,73 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA NÚMERO 452 DA ZONA DENOMINADA "PEROXA" (ANXELES) Licenza urbanística 16/2011.

Vista solicitude presentada (con entrada en data 16/03/2011 nº 327) por Dna. Dolores Guerra Andrade acompañada de proxecto de segregación da finca Peroxa con referencia catastral (15010A506004520000JW) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Roberto Costoya Castelo Colexiado nº. 1.749 e visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 218/11.

Con data 11/04/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 13/04/2011 presentouse por Dna. Dolores Guerra Andrade “Subsanación de proxecto de segregación de finca Peroxa” asinado polo mesmo técnico.

A parcela está cualificada no PXOM como solo de núcleo rural, coa categoría de núcleo orixinario disperso. De acordo co proxecto a parcela 452 sita no lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, conta cunha superficie de 2.426 m² e preténdese a segregación en dúas parcelas.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 13/04/2011 que consta no expediente e o informe de secretaría municipal de data 28/04/2011 informando favorablemente de concesión de licenza de segregación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de segregación a Dna. Dolores Guerra Andrade para parcelar a finca número 452 de solo de núcleo rural orixinario disperso denominada Peroxa, cunha superficie inicial de 2.426 m² en:

A) Parcela “S” de 966 m² cun fronte maior de 8 m.

B) Parcela “M” de 1.408 m² cun fronte mínimo a vía pública de 8 m.

C) Parcela de cesión de viais de 52 m², segundo o establecido nos artigos 43 e 87 do PXOM, tal e como se sinala en plano nº 2 entre as dúas parcelas resultantes.

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación as seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Conforme ao proxecto presentado as dúas parcelas quedan delimitadas con cesión de viario e uso público polo que a cesión é necesaria para que as parcelas sexan ou queden como edificables, a cesión terá que formalizarse en escritura pública acompañada de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñeacións establecidas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado Dna. Dolores Guerra Andrade aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 18/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DUNHAS URALITAS CON DESPERFECTOS NO LUGAR DE IGLESIA Nº 8 PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. BENJAMÍN GAREA MONTERROSO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Benjamín Garea Monterroso, con DNI núm. 33132728D, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Iglesia, 8 Dormeá, solicitude con rexistro de entrada no Concello núm. 139 de data 03/02/2011 para a substitución dunhas uralitas con desperfectos dun almacén agrícola,

superficie afectada 50m², sito no lugar de Iglesia, 8 parroquia de Dormeá (solo de núcleo rural, coa ordenanza de núcleo orixinario denso) segundo memoria e fotografías presentadas.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Servizo de Patrimonio Cultural do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo (expediente 217/11) e incorporado ao expediente informe de data 12/04/2011, no que informa favorablemente á autorización do cambio de uralita solicitado para as obras.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 27/04/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Benjamín Garea Monterroso, con DNI nº 33132728D (LO 18/2011), para a substitución de oito pranchas de fibrocemento con desperfectos dun almacén agrícola, superficie afectada 50 m², sita no lugar de Iglesia, 8 parroquia de Dormeá (solo de núcleo rural, coa ordenanza de núcleo orixinario denso) segundo memoria e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Tendo en conta que a obra consiste no desmontaxe e colocación de pranchas de fibrocemento, o promotor e o contratista deberán aterse ao establecido no Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **1.266,5 Euros.**

Liquidación 2%: **25,33 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Benjamín Garea Monterroso, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.-ADXUDICACIÓN DA OBRA “SANEAMIENTO EN ROMELAS (MERCURÍN)” (Expdte: COPNSP 1/2011)

Visto o acordo de determinación da oferta máis vantaxosa do contrato de obra “Saneamiento en la parroquia de Romelas (Mercurín), acordo desta Xunta de Goberno Local de data 24/02/2011 que a continuación se reproduce literalmente :

“4.2.1.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "SANEAMIENTO EN ROMELAS (MERCURÍN)" COPNSP 1/2011

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa incluída na terceira fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011 da Excm. Deputación Provincial, denominada "Saneamiento en Romelas (Mercurín).

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/01/2011, constando no expediente informe de data 27/01/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 16.629

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 e Construcciones Rocha Corral, S.L., B-15.338.338.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 24/02/2011 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA) CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 27/01/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra de “Saneamento en Romelas (Mercurín)” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 206 en data 18/02/2011

Sobre B con entrada nº 207 en data 18/02/2011

Sobre C con entrada nº 208 en data 18/02/2011

- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 217 en data 21/02/2011

Sobre B con entrada nº 218 en data 21/02/2011

Sobre C con entrada nº 219 en data 21/02/2011

- Construcciones Rocha Corral, S.L. con CIF B-15338338 presentou no Concello de Boimorto en data 18/02/2011 escrito con rexistro de entrada nº 210 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde

En Boimorto, vinte e catro de febreiro de 2011

Vº Prace

O Alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Pola secretaria procédese a apertura dos sobres A presentados polas empresas Antonio Filloy, S.A. e Construcciones González y González, S.L. sobre relacionados coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobres B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B- REFERENCIAS TÉCNICAS)

“SANEAMIENTO EN ROMELAS (PARROQUIA DE MERCURÍN)- CONCELLO DE BOIMORTO”



SUMINISTRADOR	OBSERVACIONES	PUNTUACIÓN
1. ANTONIO FILLOY, S.A.	<p><u>Programa de trabajo y de actuación medioambiental:</u> Presenta un programa de trabajo y actuación medioambiental genérico y parcialmente adaptado a la obra. No se desarrolla. 9,00 puntos</p> <p><u>Plan de control de calidad:</u> No presenta un plan de control interno 0,00 puntos Aumento del presupuesto de ensayos s/ PEM del 0,00% 0,00 puntos</p> <p><u>Esquema del Plan de Seguridad y Salud</u> Presenta un esquema del Plan de Seg. y Salud genérico y parcialmente adaptado a la obra. Apenas se desarrolla. 6,50 puntos</p> <p><u>Reducción de plazos de ejecución:</u> no reduce plazos 1,00 punto</p>	16,50
2. CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.A.	<p><u>Programa de trabajo y de actuación medioambiental:</u> Presenta un programa de trabajo y actuación medioambiental genérico y parcialmente adaptado a la obra. Está más desarrollado, justificando mejor los apartados de las Referencias Técnicas el pliego. 14,00 puntos</p> <p><u>Plan de control de calidad:</u> Presenta un plan de control interno genérico y parcialmente adaptado a la obra 1,00 punto Aumento del presupuesto de ensayos s/ PEM del 3% 9,00 puntos</p> <p><u>Esquema del Plan de Seguridad y Salud</u> Presenta un esquema del Plan de Seg. y Salud específico y adaptado a la obra 10,00 puntos</p> <p><u>Reducción de plazos de ejecución:</u> no justifica la reducción de plazos 0,00 punto</p>	34,00

A Coruña, 24 de febreiro de 2011


María Arufe Noya- Arquitecto Técnico
CERNE INGENIERÍA, S.A.

Seguido aperturanse os sobres C que conteñen as ofertas económicas comprobando que ningún licitador realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 101.771,58 € iva incluído.

Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 16,50 puntos.

Total puntuación C. González y González, S.L. = 34 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/01/2011, vista a valoración que consta en informe técnico de data 24/02/2011 asinado por D^a. María Arufe Noya da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnico urbanística neste Concello. A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por Construcciones González y González, S.L., na contratación da obra "Saneamiento en Romelas (parroquia de Mercurín)" a executar segundo proxecto de obra redactado por D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.567, polo prezo de adxudicación de 101.771,58 € iva incluído, obra a executar segundo oferta en tres meses.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González, S.L. para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 4.312,35 € (5% **importe adxudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta."

Visto que pola empresa Construcciones González y González S.L. , con CIF B-15165004, foi presentado aval en tempo e forma de constitución de garantía definitiva por importe de 4.312,35€ (5% do importe da adxudicación sen iva) inscrito en data 05/04/2011 no Rexistro Especial de Avais co número 41.904, así como presentada documentación que acredita estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

En aplicación do disposto na Lei 30/2007 de contratos do sector público artigos 135 e 140, e tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de goberno local, a Xunta de goberno por unanimidade en exercicio de competencias delegadas pola Alcaldía **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de obra licitado por procedemento negociado sen publicidade "Saneamiento en Romelas (Mercurín)" a Construcciones González y González S.L., con CIF B-15165004 polo prezo de 101.771,58€ iva incluído, obra que terá que executar no prazo de 66 días naturais excluídos sábados e domingos, conforme ao disposto nos pregos que rexen a presente contratación, o proxecto de obra que consta no expediente e nos termos da súa oferta, considerada como a máis vantaxosa motivando a puntuación obtida na elección desta oferta no informe técnico de valoración de ofertas que consta no expediente e se reproduce nos considerandos deste acordo, en función da valoración outorgada polos criterios de adxudicación que constan no prego de condicións administrativas particulares.

SEGUNDO.- Notificar este acordo o adxudicatario así como aos candidatos indicando que o contrato deberá formalizarse antes de 15 días hábiles o da recepción da última notificación desta adxudicación polos interesados.

TERCEIRO.- Rectificar a puntuación de Antonio Filloy, S.A. a 15,50 puntos xa que non se reduce prazo de execución, facendo constar que non inflúe esta corrección da puntuación na adxudicación.

CUARTO.- Nomear como director da obra a D. Angel Delgado Cid Colexiado nº 4657.

QUINTO.- Certificación deste acordo cóllese no perfil do contratante desta administración

4.2.2.-ADXUDICACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE MURO EN RÚA CAMPO DA IGLESIA DE SANTIAGO (BOIMORTO)" (Expdte: COPNSP 3/2011)

Visto o acordo de determinación da oferta máis vantaxosa do contrato de obra “Reposición de muro en rúa Campo da Iglesia de Santiago (Boimorto)”, acordo desta Xunta de Goberno Local de data 31/03/2011 que a continuación se reproduce literalmente:

“4.2.3.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "REPOSICIÓN DE MURO EN RÚA CAMPO DA IGLESIA DE SANTIAGO. (COPNSP 3/2011.).

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco do Convenio polo que se outorga unha subvención directa nominativa para a execución da obra de “Reposición de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago” .

Iniciado e aprobado dito expediente en Decreto nº. 58 / 2011 de data 03/03/2011, constando no expediente informe de data 03/03/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 15.1C.63203, sobre a que se xenerou crédito por 241,40 € para asunción do incremento do IVE nun 2%, quedando un orzamento final de 14.242,65 € por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 3/2011.

Remitidas invitacións para participar a: Construcciones y Promociones AIRAMAR 2003 S.L, Construcciones VIXOY S.L. con CIF B15295447 e Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 20/03/2011 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECFRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)-----

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía 59/2011 de data 3 de marzo de 2011 remitidas invitacións para a súa participación no Procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Acondicionamento do acceso á Igrexa de San Vicente de Arceo” e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

- Construcciones y Promociones AIRAMAR 2003 S.L. con CIF B35761048 presenta:

Escrito con entrada nº 337 en data 18/03/2011 no que consta renuncia expresa a participación en dita obra.

- Construcciones VIXOY S.L. con CIF B15295447 presenta:

critico con entrada nº 352 en data 18/03/2011 no que consta renuncia expresa a participación en dita obra.

- Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004:

Sobre A con entrada nº 338 en data 18/03/2011

Sobre B con entrada nº 339 en data 18/03/2011

Sobre C con entrada nº 340 en data 18/03/2011

Es-

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 20 de marzo de 2011.

Vº Pr.

O alcalde

A Secretaria

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Pola secretaria procédese a apertura do sobre A presentado pola empresa Construcciones González y González, S.L.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

<<Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15.056.468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico- urbanística ao Concello de Boimorto, emito o seguinte **INFORME:**

Examinada a documentación contida no sobre B) de referencias técnicas presentado na licitación das obras de “ **REPOSICIÓN DE MURO EN RUA CAMPO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO (BOIMORTO)**” do Convenio de

colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto, ao meu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras, por Decreto de Alcaldía de data 03-03-2.011, a valoración acadada por a única empresa presentada é a que segue:

EMPRESA	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ S.L.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL	
a) PROGRAMA DE TRABAJO E ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 18 puntos)	16
b) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos) <input type="checkbox"/>	9,00 (2,50%)
c) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	11,5
TOTAL	36,5

En Boimorto, a 31 de marzo de 2.011.

Ángel Delgado Cid

CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adjudicación en 14.242,65 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación C. González y González, S.L. = 36,50 puntos.

Vistos os criterios de adjudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Decreto de Alcaldía nº 58/2011 de data 03/03/2011, vista a valoración que consta en informe técnico de data 31/03/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adjudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello. A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por Construcciones González y González, S.L. con CIF B15165004, na contratación da obra "Reposición de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago" a executar segundo memoria valorada redactada polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en maio de 2010 cun orzamento de execución por contrata de 14.242,65 € (iva incluído), obra a executar segundo oferta presentada do prazo dun mes.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González S.L. para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 603,50 € (5% **importe adjudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta".

Visto que pola empresa Construcciones González y González S.L., con CIF B-15165004, foi presentado aval en tempo e forma de constitución de garantía definitiva por importe de 603,50€ (5% do importe da adjudicación sen iva) inscrito en data 28/04/2011 no Rexistro Especial de Avais co número 42.070, así como presentada documentación que acredita estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social

En aplicación do disposto na Lei 30/2007 de contratos do sector público artigos 135 e 140, e tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de goberno local, a Xunta de goberno por unanimidade en exercicio de competencias delegadas pola Alcaldía **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Adjudicar o contrato de obra licitado por procedemento negociado sen publicidade "Reposición muro en rúa Campo da Iglesia de Santiago (Boimorto)" a Construcciones González y González S.L., con CIF B-15165004 polo prezo de 14.242,65€ iva incluído, obra que terá que executar no prazo de vinte e dous días naturais excluídos sábados e domingos, conforme ao disposto nos pregos que rexen a presente contratación, a memoria valorada que consta no expediente e nos termos da súa oferta, considerada como a máis vantaxosa motivando a puntuación obtida na elección desta oferta no informe técnico de valoración de ofertas que consta no expediente e se reproduce nos considerandos deste acordo, en función da valoración outorgada polos criterios de adjudicación que constan no prego de condicións administrativas particulares.

SEGUNDO.- Notificar este acordo o adxudicatario así como aos candidatos indicando que o contrato deberá formalizarse antes de 15 días hábiles o da recepción da última notificación desta adxudicación polos interesados.

TERCEIRO.- Nomear como director da obra a D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4657.

CUARTO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

4.2.3.-ADXUDICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE SAN VICENTE DE ARCEO” (Expdte: COPNSP 4/2011) Visto o acordo de determinación da oferta máis vantaxosa do contrato de obra “Acondicionamiento del acceso a la Iglesia de San Vicente de Arceo”, acordo desta Xunta de Gobierno Local de data 31/03/2011 que a continuación se reproduce literalmente:

“4.2.4.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE SAN VICENTE DE ARCEO(COPNSP 4/2011).

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco do Convenio polo que se outorga unha subvención directa nominativa para a execución da obra de “Acondicionamiento del acceso a la iglesia de San Vicente de Arceo” .

Iniciado e aprobado dito expediente en Decreto nº. 59 / 2011 de data 03/03/2011, constando no expediente informe de data 03/03/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 45.9B.61900, sobre a que se xenerou crédito por 486,53 € para asunción do incremento do IVE nun 2%, quedando un orzamento final de 28.705,25 € por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 3/2011.

Remitidas invitacións para participar a: Construcciones y Promociones AIRAMAR 2003 S.L, Construcciones VIXOY S.L. con CIF B15295447 e Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 20/03/2011 que se reproduce literalmente:

**<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECFRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)-----
CERTIFICO:**

Que en cumprimento do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía 59/2011 de data 3 de marzo de 2011 remitidas invitacións para a súa participación no Procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Acondicionamiento do acceso á Igrexa de San Vicente de Arceo” e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

- Construcciones y Promociones AIRAMAR 2003 S.L. con CIF B35761048 presenta:

Escrito con entrada nº 336 en data 18/03/2011 no que consta renuncia expresa a participación en dita obra.

- Construcciones VIXOY S.L. con CIF B15295447 presenta:

Escrito con entrada nº 353 en data 18/03/2011 no que consta renuncia expresa a participación en dita obra.

- Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004:

Sobre A con entrada nº 341 en data 18/03/2011

Sobre B con entrada nº 342 en data 18/03/2011

Sobre C con entrada nº 343 en data 18/03/2011

Es-

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 20 de marzo de 2011.

Vº Pr.

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

A Secretaria

Pola secretaria procédese a apertura do sobre A presentado pola empresa Construcciones González y González, S.L.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

<<Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15.056.468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico- urbanística ao Concello de Boimorto, emito o seguinte **INFORME:**

Examinada a documentación contida no sobre B) de referencias técnicas presentado na licitación das obras de “ **ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE S. VICENTE DE ARCEO (BOIMORTO)**” do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto, ao meu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras, por Decreto de Alcaldía de data 03-03-2.011, a valoración acadada por a única empresa presentada é a que segue:

EMPRESA	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ S.L.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL	
a) PROGRAMA DE TRABAJO E ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 18 puntos)	16
b) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	9,00 (2,50%)
c) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	11,5
TOTAL	36,5

En Boimorto, a 31 de marzo de 2.011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Seguido apertúrase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 28.218,72 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación C. González y González, S.L. = 36,50 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Decreto de Alcaldía nº 59/2011 de data 03/03/2011, vista a valoración que consta en informe técnico de data 31/03/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnico urbanística neste Concello. A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por Construcciones González y González, S.L. con CIF B15165004, na contratación da obra “Acondicionamiento del acceso a la iglesia de San Vicente de Arceo” a executar segundo memoria valorada redactada polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en maio de 2010 cun orzamento de execución por contrata de 28.705,25 € (iva incluído), obra a executar segundo oferta presentada do prazo dun mes.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González S.L. para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 1.216,32 € (5% **importe adxudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.”

Visto que pola empresa Construcciones González y González S.L., con CIF B-15165004, foi presentado aval en tempo e forma de constitución de garantía definitiva por importe de 1.216,32€ (5% do importe da adxudicación sen iva) inscrito en data 28/04/2011 no Rexistro Especial de Avais co número 42.069, así como presentada documentación que acredita estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social

En aplicación do disposto na Lei 30/2007 de contratos do sector público artigos 135 e 140, e tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de goberno local, a Xunta de goberno por unanimidade en exercicio de competencias delegadas pola Alcaldía **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de obra licitado por procedemento negociado sen publicidade “Acondicionamiento del acceso a la Iglesia de San Vicente de Arceo” a Construcciones González y González S.L., con CIF B-15165004 polo prezo de 28.705,25€ iva incluído, obra que terá que executar no prazo de vinte e dous días naturais excluídos sábados e domingos, conforme ao disposto nos pregos que rexen a presente contratación, a memoria valorada que

consta no expediente e nos termos da súa oferta, considerada como a máis vantaxosa motivando a puntuación obtida na elección desta oferta no informe técnico de valoración de ofertas que consta no expediente e se reproduce nos considerandos deste acordo, en función da valoración outorgada polos criterios de adxudicación que constan no prego de condicións administrativas particulares.

SEGUNDO.- Notificar este acordo o adxudicatario así como aos candidatos indicando que o contrato deberá formalizarse antes de 15 días hábiles o da recepción da última notificación desta adxudicación polos interesados.

TERCEIRO.- Nomear como director da obra a D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4657.

CUARTO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

4.2.4.- INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS DO 2011 “MEJORA DE CAMINOS EN PIÑEIRO, SAAMIL, FRÁDEGA Y FRANZOMIL (PARROQUIA DE SENDELLE)” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: COPNSP6/2011)

Visto o expediente de contratación da obra do POS 2011 "Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (parroquia de Sendelle)" constando proxecto de obra aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 28/10/2010, que foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en outubro de 2010, cun orzamento de execución por contrata de 57.526,58 € iva incluído (48.751,34 € sen iva + 8.775,24 € iva), constando no expediente informe de data 28/04/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 45.619.

Visto o informe de secretaría de data 28/04/2011 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade (utilizando pregos para contratación por procedemento negociado das obras comprendidas en plans provinciais e outras obras provinciais adaptados á Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostenible así como o prego de prescricións técnicas que consta no propio proxecto de obras).

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP estando esta obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial de A Coruña e o Map no marco dos Plans Provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2011 xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola Alcaldía Presidencia nesta Xunta de goberno local. En uso das facultades delegadas pola Alcaldía e en aplicación do disposto no artigo 93 e na disposición adicional 2ª da lei 30/2007 Lei de contratos do sector público

A Xunta de Goberno, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra de "Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (parroquia de Sendelle)" constando proxecto de obra aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 28/10/2010, que foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en outubro de 2010, cun orzamento de execución por contrata de 57.526,58 € iva incluído (48.751,34 € sen iva + 8.775,24 € iva), por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme o proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (prego tipo da Excm. Diputación Provincial para obras relacionadas con Plans Provinciais) que consta no expediente xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade.

TERCEIRO.- Incorporado ó expediente, certificado do acordo relativo á aprobación do proxecto: constando no expediente informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa e informe de Secretaria aprobar o expediente, autorizando o gasto sobre a partida 45.4D.619 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2011.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 295.1 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación solicitando oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realiza-la adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: *Antonio Filloy, S.A. NIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con NIF n° B-15.165.004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. , CIF B-15025372*

4.2.5.- INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS DO 2011 "REPARACIÓN PARCIAL DEL CAMINO DE CAMPOS A FOROS (PARROQUIAS DE ARCEO Y ANDABAO)" POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: COPNSP7/2011)

Visto o expediente de contratación da obra do POS 2011 "Reparación parcial del camino de Campos a Foros (parroquias de Arceo y Andabao)", constando proxecto de obra aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 28/10/2010, que foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado n° 4.657 en outubro de 2010, cun orzamento de execución por contrata de 50.412,82 € iva incluído (42.722,73 € sen iva + 7.690,09 € iva), constando no expediente informe de data 28/04/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 45.619.

Visto o informe de secretaría de data 28/04/2011 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade (utilizando pregos para contratación por procedemento negociado das obras comprendidas en plans provinciais e outras obras provinciais adaptados á Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostenible así como o prego de prescricións técnicas que consta no propio proxecto de obras).

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP estando esta obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial de A Coruña e o Map no marco dos Plans Provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2011 xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola Alcaldía Presidencia nesta Xunta de goberno local. En uso das facultades delegadas pola Alcaldía e en aplicación do disposto no artigo 93 e na disposición adicional 2ª da lei 30/2007 Lei de contratos do sector público

A Xunta de Goberno, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra de "Reparación parcial del camino de Campos a Foros (Parroquias de Arceo y Andabao)" constando proxecto de obra aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 28/10/2010, que foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado n° 4.657 en outubro de 2010, cun orzamento de execución por contrata 50.412,82 € iva incluído (42.722,73 € sen iva + 7.690,09 € iva), por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme o proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (prego tipo da Excm. Diputación Provincial para obras relacionadas con Plans Provinciais) que consta no expediente xunto co de prescricións técnicas recollido no

proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade.

TERCEIRO.- Incorporado ó expediente, certificado do acordo relativo á aprobación do proxecto: constando no expediente informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa e informe de Secretaria aprobar o expediente, autorizando o gasto sobre a partida 45.5D.619 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2011.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 295.1 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación solicitando oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realiza-la adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: *Antonio Filloy, S.A. NIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con NIF n° B-15.165.004 e Martinez Montes e Hijos, S.L. , CIF B-15025372*

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS.

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
196-31/03/11	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro gasóleo e gasolina para cortacésped, vehículo 9114FDM e desbrozadora	142,50€
D-301-28/03/11		Subministro gasóleo de calefacción para Casa Consistorial	609,00€
D-246-10/03/11		Subministro gasóleo de calefacción para miniresidencia y centro de día	1.740,00€
D-245-10/03/11		Subministro gasóleo para vehículos	2.962,50€
2011/0607-31/03/11	Sociedade Galega do Medio Ambiente A15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de marzo 2011	2.567,26€
150202/11- 18/03/11	Federación Española de Municipios y Provincias	Cuota de afiliación periodo 2011	95,54€
6/2011-27/04/11	Jesús Novo S.L. B15904956	Servizo de limpeza de sumidoiros en Areas e Boimorto e limpeza na área Recreativa das Corredoiras	224,20€
362154123-05/04/11	MAFRE Familiar S.A. A28141935	Seguro obrigatorio do camión de basura matrícula C006849BK	809,92€
11/263-13/04/11	Remuiño Servicios XXI S.L. B15873193	Tóner para impresoras	860,18€
10/002592-31/03/11	Suministro TRIO S.L.B15790371	Subministro de bomba dosificadora de clora para depósito de Boimil	262,28€
003751-31/03/11	Fernando J. Sánchez García 76505509B	Material para obra na rúa Maria Botana	44,08€
1572-15/04/11	Rubén García Torreiro	Servizo de limpeza na minires-	

	32838595T	diencia e centro de día	1.629,58€
721-23/04/11	Mercedes Bravo Seoane 33240065M	Arranxos florais nomeamento fillo predilecto Suso de Marcos e inauguración da miniresidencia e centro de día	350,00€
6442-01/04/11	Oli-Servi S.L. B15202583	Reparación fax oficinas da Casa Consistorial	67,26€
39441-28/03/11	Rio Blanco S.L. B15424047	Subministro hipoclorito sódico para depósito de Boimil	276,12€
11744-31/03/11	Maquinaria Casalonga S.L. B15718489	Reparación cortacésped do campo de fútbol	129,85€
FV2/110221-31/03/11	Ramón Pampín Bango S.L. B15290430	Material para reparación baño de planta □baixa Casa Consistorial	76,74€
4000700076-31/03/11	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de marzo 2011	365,25 €
529.810-01/04/11 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial abril 2011	311,71 €
A/522-18/04/11	Autos Rico S.L. B15157357	Servizo de transporte ao Centro Municipal de Maiores mes marzo 2011	1.250,00€
OFFV11/1509-31/03/11	OFIREYCO S.L. B15342702	Material oficina	65,84€
11/210186-31/03/11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida e xestión de residuos	90,72€
F002/011-15/01/11	Construcciones González y González, S.L. B-15165004 □	Traballos realizados según memoria “Mellora dos equipamentos e infraestructuras culturais nos locais de Arceo, Boimil, Buazo e Corneda” Subv. Cultura Deputación 2010	17.992,04€
28-D182-343742-01/04/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móviles	129,12 €
TA3SB0622987 TA3SB0603552	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores	102,78 €
TA3SB0603551		Recibo teléfono servizos sociais	87,29 €
TA3SB0619043		Recibo teléfono xulgado de paz	20,76 €
TA3SB0619477		Recibo teléfono ascensor	13,47 €
TA3SB0621175		Recibo teléfono oficinas Concello	303,65 €
TA3SB0629243		Recibo teléfono fax concello	0,00 €
TA3SB0603554		Recibo teléfono baixo concello	65,67 €
TA3SB0632488		Recibo teléfono PAI	21,43 €
		Recibo ascensor residencia de maiores	56,87 €
19/04/11			

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOGIA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 28/04/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- EMILIA MOSQUERA PARDO - FISIOTERAPIA VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- MANUEL GARCÍA VÁZQUEZ - FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- MARIA CONCEPCIÓN GARCÍA GAREA - PODOLOXIA- VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a D^a. Emilia Mosquera Pardo e a D. Manuel García Vázquez e no servizo de podoloxía a D^a. María Concepción García Garea.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e/ou podoloxía.

5.3.- ESCRITO DE D^a. MARÍA GARCÍA GIL, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Dáse conta do escrito de D^a. María García Gil, con DNI número 76517801K e domicilio no lugar de Santalla número 4, parroquia de Ánxeles, Boimorto, solicitando a devolución da fianza de 100 €uros depositada con data 1/12/2009 para responder da reposición do firme de 4,5 m na pista de Santalla por obras realizadas de acometida de conexión vivenda á rede de subministro de auga no lugar de Santalla, parroquia de Ánxeles.

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 11 de abril de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que as obras foron realizadas axeitadamente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.4.- ESCRITO DE D. ANTONIO RIOS IGLESIAS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Dáse conta do escrito de D. Antonio Rios Iglesias, con DNI número 79329605Y en representación de Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.L. con CIF B15738768 e enderezo a efectos de notificación en Lg. A Carballeira, Aiazo, Frades, solicitando a devolución da fianza de 300 €uros depositada para responder de posibles danos non reparados voluntariamente en relación coa licenza, depósito e transporte de maedira de corta na finca polígono 1 parcela 184 e polígono 4 parcela 74 na parroquia de Rodieiros pertencente a este Concello para a especie de "eucaliptos nitens".

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 18 de abril de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que foron reparados os danos feitos ao dominio público.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.5.- APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O III CONCURSO LITERARIO DE MINIRRELATOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta das bases que rexerán o III concurso literario de Minirrelatos do Concello de Boimorto que seguidamente se transcriben:

<<BASES QUE REXERÁN O III CONCURSO LITERARIO DE MINIRRELATOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

O Concello de Boimorto convoca, con motivo da celebración o día 17 de maio do “Día das Letras Galegas” o **III Concurso literario de Minirrelatos**, para todos aqueles veciños/as que queiran mostrar o seu talento creativo e literario; o concurso rexirase polas seguintes

BASES:

1. O obxecto deste concurso e fomentar a literatura e a creatividade en lingua galega.

2. Está dirixida a toda a poboación do Concello de Boimorto.

3. Cada persoa que desexe participar deberá presentar un texto cun relato breve en galego e cunha extensión máxima dun folio escrito a máquina, a man ou a ordenador, valorando como temática principal os libros ou o noso Concello

Terase en conta que aparezan diferenciadas todas as partes dun conto (introdución, presentación de personaxes, desenvolvemento e desenlace).

Os minirelatos, ademais do propio conto, deberán conter, o nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto do seu autor/a.

O prazo para a presentación dos minirelatos será ata o día 15 de xuño. Non se aceptará ningún relato enviado fóra de prazo.

4. Os relatos presentaranse directamente na Casa do Concello, entregándoos nas oficinas do colexio ou enviándoos ó correo electrónico cultura@boimorto.dicoruna.es

5. Estableceranse tres categorías de participantes:

Categoría I: Ata 12 anos

Categoría II: De 13 a 18 anos

Categoría III: De 19 anos en diante

Haberá dous premios en cada categoría e estarán formados por material escolar, deportivo, de lecer ou outro similar;

Categoría I: 1º premio: 40€	2º premio: 20€
Categoría II: 1º premio: 50€	2º premio: 20€
Categoría III: 1º premio: 50€	2º premio: 20€

Deberá de haber presentados un mínimo de 4 minirelatos entre ámbalas dúas categorías para que o concurso de celebre.

Os premios son con cargo a partida presupuestaria 33.48100 do presuposto municipal do vixente exercicio 2011. **6.** O xurado, que estará composto por:

Presidenta: Yolanda Barreiro Garea, animadora cultural do Concello de Boimorto

Vogais: 1º Sylvia Cea Vázquez, normalizadora lingüística do Concello de Boimorto.
2º Mª Remedios Vázquez Rúa, mestra do PAI.

Secretaria: Mª Luisa Cacharrón Souto

Este xurado será o encargado de eleixir aos gañadores dos premios, emitindo o fallo o día 16 de xuño.

Criterios de valoración:

Temática	De 0 a 40 puntos
Diferéncianse as partes dun conto	De 0 a 20 puntos
Coherencia e distribución do texto	De 0 a 15 puntos
O que transmite e se é sinxelo de ler	De 0 a 15 puntos
Presentación e fluidez na linguaxe	De 0 a 10 puntos

7. O feito de participar neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Boimorto, 27 de abril de 2011

A animadora sociocultural

Yolanda Barreiro Garea>>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o III concurso literario de minirrelatos no Concello de Boimorto anteriormente transcritas.

SEGUNDO.- Dar publicidade a estas bases mediante cartelería, no boletín informativo do Concello e na páxina web do Concello.

5.6.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA MEJORA DEL CAMINO DE CAMPO DE LANZA Y OTROS (PARROQUIAS DE ÁNXELES Y DORMEÁ)

Vista a certificación número un e final do proxecto "Mejora del camino de Campo de Lanza y otros (parroquia de Ánxeles y Dormeá)", por importe de 86.340,13 € acompañada de factura nº 11 de data 07/04/2011 do adxudicatario Antonio Filloy S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

Cumprida a finalidade da execución da obra obxeto de financiación a través do Convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial da Coruña, recepciónada a obra en abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación un e última do proxecto "Mejora del camino de Campo de Lanza y otros (parroquia de Ánxeles y Dormeá)", por importe de 86.340,13 € así como a factura por dito importe co número 11 con data 07/04/2011 do adxudicatario Antonio Filloy S.A. (ANFISA) con CIF nº A-36016665.

SEGUNDO.- Declarar que o importe da subvención concedida a través do Convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial da Coruña foi destinado a finalidade obxeto de subvención.

TERCEIRO.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Patrimonio e Contratación xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da parte da subvención para esta inversión outorgada a este Concello.

5.7.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA MEJORA DE ESPACIO PÚBLICO PARA CELEBRACIÓN DE MERCADO TRADICIONAL EN EL CONCELLO DE BOIMORTO

Vista a certificación última do proxecto "Mejora de espacio público para celebración de mercado tradicional en el Concello de Boimorto", por importe de 62.745,27 € acompañada de factura nº C005/011 de data 31/03/2011 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF nº B-15165004.

Cumprida a finalidade da execución da obra obxeto de subvención concedida a través da subvención a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en desenrolo do Plan Ágora, Agora Recomercia, da Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Industria, Xefatura Territorial, recepciónada a obra en marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación última do proxecto "Mejora de espacio público para celebración de mercado tradicional en el Concello de Boimorto", por importe de 62.745,27 € así como a factura por dito importe co número C005/011 con data 30/03/2011 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF nº B-15165004.

SEGUNDO.- Declarar que o importe da subvención concedida a través da subvención a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en desenrolo do Plan Ágora, Agora Recomercia da da Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Industria, Xefatura Territorial foi destinado a finalidade obxeto de subvención.

TERCEIRO.- Remitir certificación deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da parte da subvención para esta inversión outorgada a este Concello.

5.8.- ESCRITO DE AUTOS LOBELLE S.L., SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE AVAL DEPOSITADO COMO GARANTÍA DO SUBMINISTRO PARA ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Miguel A. Pérez, en representación da empresa Autos Lobelle S.L. con rexistro de entrada neste concello nº 317 con data 14/03/2011, no que solicita a devolución do aval depositado como garantía das obrigas polo subministro para adquisición dun camión municipal.

Visto que a grúa anexa ao camión non reúne os requisitos recollidos nos puntos 21.-, 22.- e 22.BIS.- do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do suministro dun camión para o Concello de Boimorto subvencionado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Denegar á devolución do aval solicitado por incumprimento dos puntos 21., 22. e 22.BIS do Prego de cláusulas administrativas, mentras a grúa anexa ao camión non reúna os requisitos nel sinalados.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado así como o réxime de recursos que este pode interpoñer ante o mesmo.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 84, 88, 90, 98, 122 e 123 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez